# As Licenzas de Autor







**Debemos ter en conta as licenzas de autor á hora de engadir tanto recursos coma actividades aos nosos cursos, respetando os dereitos de calquera elemento que pretendamos engadir ao nosos cursos.**


Partindo de catro elementos de licenza existen seis tipos de licenza Creative Commons diferentes.

**Recoñecemento (Attribution)**. Non se permite o uso das obras sen a referencia aos autores, polo que o recoñecemento é sempre obrigatorio.

**Non comercial (NC)**: O autor non autoriza o uso comercial das súas obras.

**Sen obras derivadas (ND)**: O autor non autoriza a transformación das súas obras.

**Compartir Igual (SA)**: A explotación da obra só se autoriza sempre que, o usuario (seguinte autor) manteña a mesma licenza na divulgación da súa obra.

Fonte: http://es.creativecommons.org/licencia/



# Recurso: URL




Unha URL é un enderezo web. Ao pinchar o alumno no enderezo, o navegador abre a nova páxina.

**Exemplo**:

Crear unha ligazón ao repositorio de recursos do espazo Abalar: http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/espazos/recursos

Nome

Descripción

Pegamos a URL






# Recurso: Páxina




Moodle permite a creación dunha páxina web. Nela o docente pode engadir textos, imaxes, vídeos, hipervínculos ou incrustar calquera información.

## Ás páxinas html poden conter.

**1- Texto:**

*O enxeñoso fidalgo Don Quixote da Mancha*, máis coñecido simplemente como *Don Quixote da Mancha*, é unha popular obra de Miguel de Cervantes, considerada unha das obras mestras da literatura universal.

**2- Imaxes:**



**3- Hipervínculos**

Miguel de Cervantes

**4- Audios**

Simplemente U2 : with or without you

**5- Vídeos**









# Recurso: Libro




Un libro é unha colección de páxinas web, enlazadas entre si.

Moi útil cando queremos crear unha unidade didáctica, na que para cada parte da mesma queremos ter unha páxina diferenciada.




1- Indicamos nome e descripción.

2- Imos engadindo os capítulos.






# Recursos: Ficheiro e Cartafol




Arquivo ou ficheiro de diverso formato, non só de texto, que consideramos que permite que os alumnos poidan dispoñer del.

**Exemplo**:

Arquivo pdf que servirá como guía da sesión actual.






O recurso **Cartafol** emprégase para agrupar e estruturar os diversos ficheiros.



# Recurso: Etiqueta




Coas etiquetas podemos engadir información aos temas,e ademais serven para ambientar o Moodle, con imaxes dentro do tema; é un elemento moi sinxelo xa que únicamente temos que configurar **Texto** de etiqueta e **Visualización** da mesma.






# Recurso: Contido de paquete IMS

Un paquete IMS un ficheiro zip cunha estrutura interna dunha páxina web.

Para a construción dos paquetes IMS, empréganse varios programas, sendo Exelearning excelente opción.










